



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

ANUNCIO DO PROCEDEMENTO SELECTIVO RELATIVO Á CREACIÓN DUNHA BOLSA DE EMPREGO PARA O NOMEAMENTO DE PERSOAL FUNCIONARIO INTERINO DO GRUPO A, SUBGRUPO A2, ESCALA ADMINISTRACIÓN ESPECIAL, SUBESCALA TÉCNICA, TRABALLADOR/A SOCIAL, POLO PROCEDEMENTO DE OPOSICIÓN LIBRE

ESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS EN RELACIÓN AO CUESTIONARIO TIPO TEST, PRIMEIRO EXERCICIO

Polo presente, de conformidade co acordado polo Tribunal Cualificador, na sesión celebrada o día 09/06/2025, en relación ao cuestionario tipo test, faise publico que este órgano adoptou o seguinte acordo que literalmente se transcribe:

“ESTIMACIÓN DAS ALEGACIÓNS PRESENTADAS EN RELACIÓN AO CUESTIONARIO TIPO TEST.

Vistas as alegacións presentadas por dúas das persoas aspirantes ao cuestionario do primeiro exercicio, tipo test (RXE núm. 202599900000644, do 23/05/2025 e RXE núm. 202500000001790, do 28/05/2025).

Visto que ambas alegacións teñen sido presentadas no prazo outorgado ao efecto.

Visto que respecto á pregunta 41 o Tribunal ten feito as seguintes consideracións:

I.- A alegación presentada di: “.../ el enunciado de la pregunta 41 da a entender que se hace referencia a la pensión de incapacidad contributiva pero las respuestas indican los requisitos de la PNC de incapacidad, lo cual da lugar a confusión”.

II.- Á vista da alegación, o Tribunal considera que o enunciado da pregunta non dá a entender que se estea a facer referencia á pensión contributiva como sinala a persoa alegante, sen embargo, o certo é que non especifica que se estea a referir á “pensión de invalidez non contributiva” e/ou “pensión de invalidez na modalidade non contributiva”, terminoloxía que emprega/empregaba de forma constante o Real Decreto Lexislativo 8/2015, do 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei Xeral da Seguridade Social, artigos 363, 364, 365 e 366, na redacción anterior á última modificación (redacción esta, a anterior, que debe ser a considerada de conformidade coas bases da convocatoria, base décima, xa que a modificación entrou en vigor o día 01/05/2025, data posterior á publicación da listaxe definitiva de admitidos e excluídos).

III.- Polo tanto, exposto o anterior, o Tribunal considera que a alegación debe ser estimada e en consecuencia a pregunta 41 anulada, xa que a formulación da mesma no seu enunciado debe ser considerada como incorrecta ou cando menos imprecisa/inexacta, posto que, como xa se dixo, non se emprega a terminoloxía exacta/precisa da norma o que pode inducir a error na reposta por parte das persoas aspirantes.

Visto que respecto á pregunta 44 o Tribunal ten feito as seguintes consideracións:

I.- As dúas alegacións presentadas son idénticas en parte, pois, ambas referiren que o artigo 11 do Real Decreto 1414/2006, do 1 de decembro, polo que se determina a consideración de persoa con discapacidade para os efectos da Lei 51/2003, do 2 de decembro, de Igualdade de oportunidades, non discriminación e accesibilidade universal das persoas con discapacidade, non existe. A maiores do anterior unha das alegacións di que en ningún momento o Real Decreto refírese ao que se pregunta e que non é competencia do INSS a revisión das pensións non contributivas en Galicia.



Avda. Emilio González López, 1
15113 MALPICA DE BERGANTIÑOS
Teléfs. 981 72 03 18 – 981 72 03 19 – 981 72 00 01
Fax 981 72 16 27
E-mail: correo@malpica.dicoruna.es
RELGA. MU – 2000/175 CIF: P-1504400ª

II.- Á vista do anterior, o Tribunal considera que ambas alegacións deben ser estimadas e en consecuencia a pregunta 44 anulada, xa que, a formulación da mesma no seu enunciado debe ser considerada como incorrecta, pois, por unha banda, non existe o artigo 11 do Real Decreto 1414/2026, norma esta que se compón exclusivamente de dous artigos e tres disposicións finais, e por outra banda, o citado Real Decreto non se refire en ningún momento á renovación da pensión non contributiva.

Así, pois, é polo que, de conformidade co exposto e do establecido nas bases que rexen o procedemento de selección, o Tribunal Cualificador por unanimidade dos membros presentes,

ACORDA:

Primeiro.- Anular a pregunta 41 sendo substituída pola pregunta reserva número 2.

Segundo.- Anular a pregunta 44 sendo substituída pola pregunta reserva número 3.

Terceiro.- Facer público o presente acordo, mediante a publicación do correspondente anuncio no taboleiro de anuncios electrónico, sendo o citado documento/anuncio asinado pola presidenta e pola secretaria do Tribunal”.

Malpica de Bergantiños, asinado dixitalmente

A presidenta,

Ana Mª Iglesias Gato

A secretaria,

Mª Loreto López Fernández